

RESOLUCIÓN da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, pola que se adxudican as axudas da Orde do 19 de decembro de 2025, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, programa Doutoramentos industriais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2026 (código de procedemento IN606D).

A Orde do 19 de decembro de 2025 (DOG núm. 39, do 27 de febreiro de 2026), da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, establece as bases reguladoras e a convocatoria de axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, no marco do programa Doutoramentos industriais.

O obxecto desta convocatoria é fomentar a colaboración entre o sistema universitario galego, o tecido empresarial e os centros de innovación e tecnoloxía, a través do desenvolvemento de proxectos de investigación industrial e experimental que sirvan de base para a elaboración de teses de doutoramento, permitindo a contratación de persoal investigador en formación no contexto de proxectos de interese estratéxico para Galicia.

Nos artigos 3 e 5 da orde da convocatoria determínase quen pode ser beneficiario e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas ás axudas.

O 13 de maio de 2026 publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas. Unha vez avaliadas as solicitudes admitidas, a comisión de selección, definida no artigo 15 da orde de convocatoria, reunida o 22 de xuño de 2026, elaborou o informe correspondente para o órgano instructor no que figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das solicitudes propostas para concesión e as listas de agarda para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelle á persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, de acordo co artigo 16 da convocatoria.

Con base no anterior, de acordo co establecido no artigo 16 das bases da convocatoria e



atendendo á proposta de concesión elevada polo órgano instrutor,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder as axudas que se relacionan na correspondente proposta de gasto, na contía sinalada para as anualidades 2026, 2027, 2028, 2029 e 2030, para a formación de doutores e doutoras das universidades do SUG en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, programa **Doutoramentos industriais**, convocadas pola **Orde do 19 de decembro de 2025**, ás entidades que se relacionan no **anexo I** desta resolución.

De acordo co indicado no artigo 15 da convocatoria, concédense un total de 15 axudas, 12 no ámbito das empresas e 3 no ámbito de centros de innovación e tecnoloxía.

Segundo. Establecer unha lista de agarda, que se inclúe como anexo II, para determinar posibles substitucións, segundo os criterios establecidos no artigo 15. Nesta lista figuran por orde decrecente de puntuación as solicitudes que non acadaron a puntuación suficiente para seren adxudicatarias da axuda.

Terceiro. Todas as solicitudes que figuran nos anexos I e II desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cuarto. A data de comezo dos contratos, e polo tanto da axuda, será o día 1 de setembro de 2026. Establécese a mesma data de comenzo da axuda para os casos de persoas xa contratadas. A data de sinatura do contrato e do seu comezo só poderán aprazarse por causas excepcionais debidamente xustificadas. O aprazamento deberá ser solicitado pola entidade beneficiaria cunha adecuada xustificación da súa necesidade. A dita solicitude de aprazamento presentarse ante o órgano instrutor quen autorizará expresamente se procede. A non formalización do contrato dentro do prazo previsto considerarase unha renuncia tácita á axuda.

Quinto. A disposición do gasto para as axudas concedidas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución:



Entidade beneficiaria	Nº de axudas	Aplicación orzamentaria e código de proxecto	Crédito (en euros)					
			2026	2027	2028	2029	2030	Total
Empresas	11	07.A2.561A.470.0 (2016 00004)	100.200,00	190.400,00	321.600,00	284.200,00	329.342,00	1.225.742,00
	11	07.A2.561A.770.0 (2016 00004)	0,00	50.000,00	50.000,00	50.000,00	50.000,00	200.000,00
	1	07.A2.561A.441.15 (2016 00004)	9.200,00	22.400,00	36.600,00	31.200,00	35.600,00	135.000,00
Centros de innovación e tecnoloxía	3	07.A2.561A.480.0 (2016 00004)	27.600,00	52.200,00	92.800,00	78.600,00	91.800,00	343.000,00
		07.A2.561A.781.0 (2016 00004)	0,00	15.000,00	15.000,00	15.000,00	15.000,00	60.000,00
Universidades do SUG	15	07.02.561B.744.0 (2016 .00129)	0,00	150.000,00	150.000,00	150.000,00	150.000,00	600.000,00
Total convocatoria			137.000,00	480.000,00	666.000,00	609.000,00	671.742,00	2.563.742,00

De acordo co establecido no artigo 29 das bases da convocatoria e a vinculación de créditos que rexe para as axencias conforme á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os créditos adecuáronse á natureza xurídica das entidades beneficiarias.

A Axencia Galega de Innovación financiará as axudas que correspondan ás empresas e centros de innovación e tecnoloxía e a Secretaría Xeral de Universidades financiará as axudas que correspondan ás universidades do SUG por importe de 600.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 07.02.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia 2 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG núm. 248, do 28 de decembro) para a anualidade 2026 e as anualidades 2027, 2028, 2029 e 2030 financiaranse con cargo ao seguinte Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia.

Sexto. As entidades beneficiarias deberán enviar un escrito de aceptación da axuda segundo o establecido no artigo 18 da convocatoria.



Sétimo. O artigo 22 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Innovación ou ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación en el Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

O Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

P.D. (Orde do 5 de xuño de 2024)

Secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Manuel Vila López



ANEXO I. Axudas concedidas

Empresas

Nº Expediente	NIF entidade	Entidade	NIF persoa investigadora doutoranda	Persoa investigadora doutoranda	Universidade do SUG	Código de proxecto	Aplicación orzamentaria	Importe (en euros)						Réxime de mínimos (Reglamento (UE) 2023/2831)
								2026	2027	2028	2029	2030	TOTAL	
07_IN606D_2026_901279	W8265508E	FUJITSU RESEARCH OF EUROPE LIMITED SUCURSAL EN ESPAÑA	***6523**	Silvana Fernández Pérez	USC	2016 .4	07.A2.561A.470.0	9.200,00	17.400,00	31.600,00	26.200,00	30.600,00	115.000,00	Si
							07.A2.561A.770.0	0,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	20.000,00	
							Total	9.200,00	22.400,00	36.600,00	31.200,00	35.600,00	135.000,00	
10_IN606D_2026_903826	A15476740	GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.	***1478**	Melania Fandiño Rodríguez	USC	2016 .4	07.A2.561A.441.15	9.200,00	22.400,00	36.600,00	31.200,00	35.600,00	135.000,00	Si
							Total	9.200,00	22.400,00	36.600,00	31.200,00	35.600,00	135.000,00	
05_IN606D_2026_899702	W8265508E	FUJITSU RESEARCH OF EUROPE LIMITED SUCURSAL EN ESPAÑA	***8846**	Mario Bernabeu Aracil	USC	2016 .4	07.A2.561A.470.0	9.200,00	17.400,00	31.600,00	26.200,00	30.600,00	115.000,00	Si
							07.A2.561A.770.0	0,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	20.000,00	
							Total	9.200,00	22.400,00	36.600,00	31.200,00	35.600,00	135.000,00	
09_IN606D_2026_902725	B44564375	SORTCELL ANALYTICA, S.L.	***6852**	Anxo Nogueira Dabarca	UVIGO	2016 .4	07.A2.561A.470.0	9.200,00	17.400,00	29.600,00	26.200,00	30.600,00	113.000,00	Si
							07.A2.561A.770.0	0,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	20.000,00	
							Total	9.200,00	22.400,00	34.600,00	31.200,00	35.600,00	133.000,00	
01_IN606D_2026_882267	B44579001	FABRX ARTIFICIAL INTELLIGENCE, SL	***2031**	Daniel Grandal González	USC	2016 .4	07.A2.561A.470.0	9.200,00	17.400,00	31.600,00	26.200,00	30.600,00	115.000,00	Si
							07.A2.561A.770.0	0,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	20.000,00	
							Total	9.200,00	22.400,00	36.600,00	31.200,00	35.600,00	135.000,00	
04_IN606D_2026_897524	A03637899	LABAQUA, S.A.U.	***9397**	Sheila González Barcia	USC	2016 .4	07.A2.561A.470.0	9.200,00	17.400,00	31.600,00	26.200,00	30.600,00	115.000,00	Si
							07.A2.561A.770.0	0,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	20.000,00	
							Total	9.200,00	22.400,00	36.600,00	31.200,00	35.600,00	135.000,00	
02_IN606D_2026_891763	B27848142	ENERGIO ADVANCE, S.L.	***9155**	Pablo Montesino Fernández	UVIGO	2016 .4	07.A2.561A.470.0	9.200,00	17.400,00	31.600,00	26.200,00	30.600,00	115.000,00	Si
							07.A2.561A.770.0	0,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	20.000,00	
							Total	9.200,00	22.400,00	36.600,00	31.200,00	35.600,00	135.000,00	
19_IN606D_2026_912525	B27806801	CEO2 GREEN, S.L.	***8164**	Miguel Santos Costa	UVIGO	2016 .4	07.A2.561A.470.0	9.200,00	17.400,00	25.600,00	26.200,00	30.600,00	109.000,00	Si
							07.A2.561A.770.0	0,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	20.000,00	
							Total	9.200,00	22.400,00	30.600,00	31.200,00	35.600,00	129.000,00	
16_IN606D_2026_909506	B09678061	VENTILATIO LAB, S.L.	***5988**	Alejandro Millán Oliveira	USC	2016 .4	07.A2.561A.470.0	8.200,00	16.400,00	21.600,00	22.200,00	23.342,00	91.742,00	Si
							07.A2.561A.770.0	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
							Total	8.200,00	16.400,00	21.600,00	22.200,00	23.342,00	91.742,00	
27_IN606D_2026_915814	B27504703	SINERGIAS SOSTENIBLES RESIFOREST, S.L.	***9366**	Iria Martínez Sambade	USC	2016 .4	07.A2.561A.470.0	9.200,00	17.400,00	29.600,00	26.200,00	30.600,00	113.000,00	Si
							07.A2.561A.770.0	0,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	20.000,00	
							Total	9.200,00	22.400,00	34.600,00	31.200,00	35.600,00	133.000,00	
08_IN606D_2026_901455	B22939599	VIVOARCHITECT IBÉRICA, S.L.	***6141**	Elisa Marín Jerez	USC	2016 .4	07.A2.561A.470.0	9.200,00	17.400,00	29.600,00	26.200,00	30.600,00	113.000,00	Si
							07.A2.561A.770.0	0,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	20.000,00	
							Total	9.200,00	22.400,00	34.600,00	31.200,00	35.600,00	133.000,00	
28_IN606D_2026_916683	B19983667	AGRICULTURA4DATA S.L.	***3104**	Jonathan S. Castaño Serna	UVIGO	2016 .4	07.A2.561A.470.0	9.200,00	17.400,00	27.600,00	26.200,00	30.600,00	111.000,00	Si
							07.A2.561A.770.0	0,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	20.000,00	
							Total	9.200,00	22.400,00	32.600,00	31.200,00	35.600,00	131.000,00	



Centros de innovación e tecnoloxía

Nº Expediente	NIF entidade	Entidade	NIF persoa investigadora doutoranda	Persoa investigadora doutoranda	Universidade do SUG	Código de proxecto	Aplicación orzamentaria	Importe (en euros)						Réxime de minimis (Reglamento (UE) 2023/2831)
								2026	2027	2028	2029	2030	TOTAL	
23_IN606D_2026_913445	G36997229	FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓGICO DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA	***2682**	Guillermo Hermoso López	UVIGO	2016 .4	07.A2.561A.480.0	9.200,00	17.400,00	29.600,00	26.200,00	30.600,00	113.000,00	NON
							07.A2.561A.781.0	0,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	20.000,00	
							Total	9.200,00	22.400,00	34.600,00	31.200,00	35.600,00	133.000,00	
14_IN606D_2026_904916	G15305923	FUNDACION INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA	***8310**	Amanda Martí Coll	UDC	2016 .4	07.A2.561A.480.0	9.200,00	17.400,00	31.600,00	26.200,00	30.600,00	115.000,00	NON
							07.A2.561A.781.0	0,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	20.000,00	
							Total	9.200,00	22.400,00	36.600,00	31.200,00	35.600,00	135.000,00	
12_IN606D_2026_904852	G15305923	FUNDACION INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA	***9227**	Guillermo Rubiños Rodríguez	USC	2016 .4	07.A2.561A.480.0	9.200,00	17.400,00	31.600,00	26.200,00	30.600,00	115.000,00	NON
							07.A2.561A.781.0	0,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	20.000,00	
							Total	9.200,00	22.400,00	36.600,00	31.200,00	35.600,00	135.000,00	



Universidades do SUG

Universidades	Nº de axudas	Aplicación orzamentaria	Crédito (en euros)				
			2027	2028	2029	2030	Total
UDC	1	07.02.561B.744.0	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	40.000,00 €
USC	9		90.000,00 €	90.000,00 €	90.000,00 €	90.000,00 €	360.000,00 €
UVIGO	5		50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	200.000,00 €
Total	15		150.000,00 €	150.000,00 €	150.000,00 €	150.000,00 €	600.000,00 €



ANEXO II. Lista de agarda

Empresas

Nº Expediente	NIF entidade	Entidade	Universidade	NIF persoa investigadora doutoranda	Persoa investigadora doutoranda	Comunitaria	Zona estadia	Rama de coñecemento	Puntuacións desagregadas							Puntuación Total
									a)	b)	c)	d)	e)	f)	g)	
25_IN606D_2026_914740	B21708516	Energhius, S.L.	Universidade de Santiago de Compostela	***0536**	Mohammadreza Shayan Asenjan	Non	3	Enxeñaría e Arquitectura	10,6650	15	10	28,5	10	1	0	75,1650
26_IN606D_2026_915278	B70445531	Narontec Gestion, S.L.	Universidade da Coruña	***8569**	Wendy Gianella Palacios Pun	Sí	2	Enxeñaría e Arquitectura	10,3781	15	0	26,1	10	0	0	61,4781
03_IN606D_2026_893339	B19396019	Artefacto-Arteeducación, S.L.	Universidade da Coruña	***5316**	Marina Aradas Cedeira	Sí	1	Arte e Humanidades	12,1657	5	0	27,25	10	0	0	54,4157

O expediente 25_IN606D_2026_914740 que figura na primeira posición da lista da agarda só podería facer efectiva dita posición no caso de renuncia do outro expediente con candidato extracomunitario.

Centros de Innovación e Tecnoloxía

Nº Expediente	NIF entidade	Entidade	Universidade	NIF persoa investigadora doutoranda	Persoa investigadora doutoranda	Comunitaria	Zona estadia	Rama de coñecemento	Puntuacións desagregadas							Puntuación Total
									a)	b)	c)	d)	e)	f)	g)	
24_IN606D_2026_913842	G36625309	Asoc Nac Ftes Conserv Pesc Anfaco-Cytma	Universidade de Vigo	***7254**	Fátima Garbayo Rey	Sí	2	Ciencias	11,1480	12	10	28	10	0	5	76,1480
18_IN606D_2026_911004	G36997229	Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicación de Galicia	Universidade da Coruña	***5792**	Gonçalo da Cunha Freitas	Si	2	Enxeñaría e arquitectura	11,5500	15	15	18,5	10	0	0	70,0500

